

PERMISOS E LICENCIAS-PERSOAL ESTATUTARIO, FUNCIONARIO E LABORAL TRANSFERIDO – ADAPTACIÓN NORMATIVA A DATA 01-04-2017
(APLICACIÓN PARA PERSOAL EN FORMACIÓN NOS PERMISOS COMPATIBLES COA FORMACIÓN E SUPLETORIA PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DA ADMON AUTONÓMICA ADSCRITO Á EOXI)

TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIÓNES
1 Permiso por parto	18 semanas ininterrompidas, ampliadas en dúas semanas mais no suposto de discapacidade do fillo (33% como mínimo) e, por cada fillo a partir do segundo, nos supostos de parto múltiple. Nos casos de parto prematuro e naqueles nos que por calquera causa o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se atope hospitalizado, cun máximo de 13 semanas adicionais. Art. 121 e DT 6ª Lei 2/2015	A nai, ao menos 6 semanas inmediatas ó parto. No caso de falecemento da nai, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, no seu caso, da parte que reste de permiso. Resto do permiso, a opción da nai, aproveitamento pola nai, o pai ou compartido (simultaneamente ou sucesivamente)	Sen prexuízo das 6 semanas inmediatas ao parto de descanso obrigatorio da nai, no caso de que os dous proxenitores traballen, a nai, ao iniciar o período de descanso por maternidade, poderá optar por que o outro proxenitor aproveite unha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ao parto. 16 semanas a cargo do INSS 2 semana a cargo do Centro
2 Permiso por adopción ou acollemento	18 semanas ininterrompidas ampliadas en dúas semanas mais no suposto de discapacidade do adoptado/acollido (33% como mínimo) e, por cada adoptado/acollido a partir do segundo, nos supostos de adopción ou acollemento múltiple, a xornada completa ou a tempo parcial.	Os adoptantes ou acolledores, podendo aproveitar o permiso de xeito compartido (simultaneamente ou sucesivamente) sempre en períodos ininterrompidos	Á elección do traballador o prazo contará a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción, sen que en ningún caso, un mesmo menor poda dar dereito a varios períodos de aproveitamento deste permiso. 16 semanas son unha prestación do INSS 2 semana é un permiso retribuído do Centro Este permiso poderase iniciar ata catro semanas antes da resolución xudicial pola que se constituía a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial de acollemento. <u>Desprazamento internacional previo:</u> Cando fora preciso dito desprazamento dos adoptantes ao país de orixe do adoptado, terase dereito, ademais, a un permiso de ata 3 meses de duración, fraccionables a elección da persoa titular do dereito, percibindo durante este período exclusivamente as retribucións básicas (soldo e trienios)
3 Permiso por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto	2 horas diarias como máximo, durante o tempo que dure a hospitalización	A traballadora ou o traballador de xeito excluínste. Debe existir relación de filiación en ámbolos dous casos	Este permiso é compatible coa redución de xornada de dúas horas coa diminución proporcional das súas retribucións polo que podería chegarse ata un total de ausencia do traballo máxima de 4 horas/día; Así mesmo cabe a súa compatibilidade con outra redución de xornada ordinaria xerada por distinto feito causante.

	TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIÓNS
4	<p>Permiso do outro proxenitor polo nacemento, adopción ou acollemento</p>	<p>29 días naturais ou dunha semana máis no caso de parto/adopción/acollida múltiple, que pode aproveitar o outro proxenitor a partir da data do nacemento, da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da efectividade da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.</p>	<p>O proxenitor que non estea a gozar do permiso por parto, adopción ou acollemento sempre que sexa funcionario/estatutario.</p> <p>O pai ten prioridade e con carácter excluínse no aproveitamento deste permiso no caso de filiación biolóxica, pola contra, no caso de adoptantes/acolledores sendo ambos persoal ao servizo da Administración Pública Galega, non existe preferencia para o aproveitamento de permiso, podendo aproveitalo de xeito sucesivo ou simultáneo, pero sempre ininterrompido.</p>	<p>Este permiso é independente do suposto no que os proxenitores (caso de ser ambos persoal ao servizo da Administración pública galega) en casos de adopción ou acollemento poden optar pola distribución entre ámbolos dous e o aproveitamento simultáneo ou sucesivo pero sempre ininterrompido, respectando en todo caso o prazo total de duración do permiso. A opción corresponde aos proxenitores en igualdade de dereitos, é dicir, deberanse poñer de acordo, e documentalalo, sobre o aproveitamento individual ou compartido (simultáneo ou sucesivo)pero, en todo caso, non suporá a duplicación do permiso.</p> <p>O proxenitor que estea a gozar do permiso por parto, adopción ou acollemento poderá gozar deste permiso a continuación do remate do período de duración daquel cando:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O titular deste dereito falecese antes da utilización íntegra do permiso (o pai ten que ter iniciado o aproveitamento do permiso antes de falecer, noutro caso noutro caso non xerou dereito ao mesmo e polo tempo restante). - A filiación do outro proxenitor non estivese determinada. - Os proxenitores non estivesen casados nin estivesen unidos por análoga relación de afectividade. - Cando en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio(iniciado antes da utilización do permiso) se lle recoñecese á persoa que está gozar del, a garda do fillo/a acabado de nacer. <p>No caso de matrimonio ou unións de feito en análoga relación de afectividade de mulleres pode aproveitar deste permiso a que non sexa a nai biolóxica. O aproveitamento pola nai biolóxica só se dará se non existise aproveitamento do permiso pola outra proxenitora, titular prioritaria e excluínse deste permiso.</p>

	TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIÓNS
5	<p>Permiso por lactación dun fillo, menor de 12 meses, adoptado ou acollido.</p>	<p>1 hora diaria que poderá dividir en dúas fraccións. Poderá substituírse por unha redución de xornada normal en ½ hora ó inicio e o final da xornada, ou nunha hora ao inicio ou ao final da xornada. A traballadora poderá facer uso da hora de lactancia por cada día laborable conforme á carteleira que para tal período teña establecida e de acordo co seu mando intermedio.</p> <p>Igualmente o/a traballador/a poderá solicitar á substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente. No caso de acumulación de horas, a exención corresponderá co día laborable en carteleira e nas súas condicións de xornada.</p> <p>Este permiso incrementárase proporcionalmente en caso de parto, adopción ou acollemento múltiple.</p>	<p>Este dereito poderá ser exercido indistintamente polo pai ou pola nai, con independencia de que o outro proxenitor traballe ou non.</p> <p>Non obstante, só poderá ser exercido por un dos proxenitores en caso de que ambos traballen.</p> <p>Terá dereito a este permiso todo o persoal con independencia do seu vínculo.</p>	<p>O permiso só se pode aproveitar ata o día anterior ao primeiro aniversario do fillo. No suposto de adopción ou acollemento, o dereito computárase durante o primeiro ano dende a resolución xudicial ou administrativa, sempre que no momento da efectividade o menor non cumprira os 12 meses.</p> <p>No caso de que a traballadora optase por acumular en xornadas completas o tempo correspondente, o número de horas será o resultado de contabilizar o total de horas ás que se tería dereito na modalidade orixinaria dunha hora diaria de ausencia.</p> <p>Aos efectos do seu cálculo, o permiso retribuído acumulado poderá aproveitarse de xeito ininterrompido (cunha duración de catro semanas no réxime de xornada correspondente), ou ben de xeito descontinuo pola modalidade de crédito horario (cun total de 150 horas de tratarse de xornada completa); ou mesmo combinando ambas modalidades: xornadas completas de traballo xuntamente co uso dese crédito horario (suposto de acumulación parcial). A opción de aproveitamento elixida se indicará ao inicio do permiso.</p> <p>Para o caso de acumulación total do tempo do permiso, poderase aproveitar en xornadas de traballo completas, que poderán ser consecutivas (coa devandita duración de catro semanas) ou non.</p> <p>No caso de acumulación parcial, o permiso poderase aproveitar combinando a concesión de xornadas completas coa ausencia dunha hora diaria, a cal se pode dividir en dúas fraccións de media hora, ata acadar o total do tempo concedido.</p> <p>En todo caso, e sexa cal sexa a modalidade de acumulación pola que se opte, o permiso non poderá exceder do número de horas ás que tería dereito a traballadora pola modalidade dunha hora diaria de ausencia do traballo.</p> <p>De non ter prestado servizos efectivos nos meses do período computable, por razón de vacacións, permisos, baixas por incapacidade ou por outras situacións asimiladas, eses días non xerarán horas para acumulación.</p> <p>De ter aproveitado o permiso con anterioridade a estas situacións xurdidas no período de lactación, as horas a descontar serán compensadas en termos de xornada anual (ou en días de libre disposición ou vacacións no suposto de persoal non rexido por cómputo de xornada anual) ou haberes, a elección da persoa interesada.</p>
6	<p>Permisos para realizar, asistir e/ou acompañar a exames prenatais /técnicas de preparación ao parto /tratamentos de fecundación asistida/ asistencia a sesións preparatorias na adopción, acollemento ou garda con fins de adopción.</p>	<p>Polo tempo necesario para a súa realización. En caso de desprazamento concederanse 2 días, entendendo que existe desprazamento sempre que sexa necesario pernoctar fóra do lugar de residencia</p>	<p>A traballadora embarazada.</p> <p>O/a traballador/a que se somete a tratamento de fecundación asistida.</p> <p>O cónxuxe ou parella de feito acompañante.</p> <p>O/a profesional nos casos de adopción ou acollemento, ou garda legal, para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade, que deban celebrarse dentro da xornada de traballo.</p>	<p>Dentro da xornada de traballo.</p> <p>Aviso previo con 48 horas de antelación, agás imposibilidade obxectiva</p>

	TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIÓNS
7	Permiso por mor do estado de xestación	Dende o día primeiro da semana 37 de embarazo ata o parto	As traballadoras en estado de xestación	No suposto de xestación múltiple, este permiso poderá iniciarse o primeiro día da semana 35 de embarazo ata a data do parto. Deberá achegarse documentación acreditativa do feito causante.
8	Por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar	<p>Dentro do primeiro grado de consanguinidade ou afinidade <u>3 días hábiles</u> cando o suceso se produza na mesma localidade, e <u>5 días hábiles</u> cando sexa en distinta localidade.</p> <p>Dentro do segundo grado de consanguinidade ou afinidade <u>2 días hábiles</u> cando o suceso se produza na mesma localidade, e <u>4 días hábiles</u> cando sexa en distinta localidade.</p> <p>(Por día hábil, enténdese neste caso día de traballo efectivo)</p> <p>Nos supostos de intervención cirúrxica sen hospitalización concederase o día da intervención e, se como consecuencia desta o/a paciente precisase repouso domiciliario estes días deberán ser consecutivos e inmediatamente posteriores ao do feito causante. Deberá acreditarse suficientemente a necesidade deste repouso a través dun informe médico ou calquera outro medio admisible no dereito, podendo requirirse declaración xurada do petionario/a de que o fin do permiso esta vinculado ao coidado do suxeito causante.</p>	<p>Os traballadores por familiares de 1º e 2º grao por consanguinidade ou afinidade. O parentesco debe acreditarse coa copia do libro ou libros de familia.</p> <p>En caso de divorcio non existe vínculo.</p> <p>A efectos deste permiso, enténdese por día hábil aquel que teña sinalada quenda no calendario ou cartelera de traballo da/o profesional.</p> <p>Para computar os días a que se teña dereito se terá en conta a duración en horas da/s quenda/s asignada/s no/s día/s de disfrute do permiso.</p> <p>A estes efectos, a noite computará como un día cando o día seguinte compute como libranza.</p> <p>O tutelado por sentenza xudicial considérase, aos efectos deste permiso como familiar de 1º grao.</p>	<p>1º grao consanguinidade : pai, nai, fillo/a 1º grao afinidade : Cónxuxe, parella de feito, sogro/a, xenro, nora, fillo do cónxuxe 2º grao consanguinidade : irmáns, avós e netos 2º grado de afinidade : netos do cónxuxe /parella de feito, cuñados (cónxuxe do irmá ou irmá do cónxuxe), avós do cónxuxe.</p> <p>No caso de falecemento, o aproveitamento do permiso deberá realizarse nos días hábiles inmediatos ao mesmo e do forma consecutiva.</p> <p>Nos demais casos, o aproveitamento deberá realizarse dentro dun período de dez días naturais que inclúa a data do feito causante, sempre e cando este persista. Considérase feito causante dende o inicio ao fin da hospitalización.</p> <p>A hospitalización xustificaráse con documento acreditativo do ingreso, entendendo na súa ausencia que aquela se produce cando conleve a estancia hospitalaria que inclúe unha noite e unha comida principal no centro hospitalario.</p> <p>Para o efectos deste permiso, ten a consideración de intervención cirúrxica as intervencións que estean contempladas na carteira de servizos do sistema público de saúde.</p> <p>Consideraranse como feito causante do dereito, os procesos terminais e aqueles outros que, aínda sen precisar hospitalización, supoñan unha situación do/da doente que requira as atencións indispensables por parte do/a solicitante. Este requisito deberá figurar de forma expresa no informe médico, ou certificado de alta médica, do familiar para cuxa atención se solicita o permiso.</p> <p>En todos os casos computarase o día do feito causante, cando por mor da súa inmediatez, o/a solicitante non chegue a prestar servizos ese día e lle correspondese prestatos.</p> <p>Se o traballador se atopa aproveitando outros permisos no momento do feito causante, este non suspende o permiso que se está a aproveitar (excepto días de libre disposición), aínda que poderá aproveitar os restantes días que non coincidan.</p> <p>Para o cómputo dos prazos na mesma ou distinta localidade tomarase como referencia o termo municipal da residencia do/a solicitante. No caso da intervención sen hospitalización que requira repouso domiciliario, será a localidade na que se realice o repouso domiciliario a que debe tomarse como referencia con respecto ao termo municipal da residencia do/a solicitante. No caso de falecemento tomarase como referencia a localidade onde éste tivo lugar. Se esta non coincide ca localidade de residencia do traballador o petionario/a deberá achegar xunto coa acreditación de falecemento, declaración xurada de que o falecemento produciuse nunha localidade distinta a de residencia do solicitante.</p>
9	Permiso por accidente ou enfermidade moi grave	Duración máxima 30 días naturais por proceso.	Cónxuxe ou parella en análoga relación de afectividade. Familiares de 1º grado de consanguinidade ou afinidade	Solicítase mediante escrito presentado no Rexistro dirixido ao Xerente achegando: -Informe médico que determine que o accidente ou a enfermidade é moi grave. -Informe médico da necesidade de coidados para atender a persoa enferma Cada accidente ou enfermidade xera o dereito a un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días naturais, pódese empregar de forma separada ou acumulada.

	TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIÓNS
10	Por deberes inescusables de carácter público ou persoal	Concederase permiso polo tempo imprescindible para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou privado. Inclúese a asistencia do propio persoal estatutario a consultas e revisións médicas. Agás xustificación, estará limitado a un máximo de 4 horas.	Todo o persoal estatutario	<p>O feito causante é a existencia de obrigas de cuxo incumprimento poida derivarse unha responsabilidade directa e persoal de orde civil, penal ou administrativa.</p> <p>O deber inescusable terá carácter personalísimo, isto é sen posibilidade de execución por medio de representante ou substituto.</p> <p>O/a solicitante deberá acreditar suficientemente a imposibilidade de realización deste fóra da súa xornada ou quenda de traballo. Non se entende por deber inexcusable a asistencia ao notario, abogado, axencia tributaria e outros de similar natureza, cando existan medios para cumprir con tales obrigas en horario non coincidente coa xornada ou quenda de traballo.</p> <p>A asistencia a consultas ou revisións médicas limitase as que se atopen incluídas nas carteira de servizos do SNS. Deberá xustificarse a hora de entrada e saída e a imposibilidade de realización fora da súa xornada.</p> <p>Está comprendida neste permiso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - a asistencia dos deportistas de alto nivel ás competicións de carácter internacional, así como as concentracións preparatorias destas, de acordo co disposto no Real Decreto 971/2007 do 13 de xullo. - a asistencia como membro as sesións dun tribunal de selección ou provisión, con nomeamento pola autoridade competente. - a asistencia como membro de Tribunal ou Tutor de tesis doctoral. <p>O permiso requirirá do previo aviso e xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.</p>
11	Por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral (acompañamento a consultas e revisións médicas)	<p>Concederase permiso polo tempo indispensable de ausencia do traballo. Estará limitado a un máximo de 4 horas, agás xustificación suficiente.</p> <p>O acompañamento ao Servizo de Urgencias concederase polo tempo de permanencia nese servizo, sempre que coincida coa xornada de traballo.</p>	Concederase permiso ao traballador para acompañar a revisións médicas de fillos/as menores de idade e persoas maiores cargo. Considéranse persoas maiores a cargo os familiares de 1º grao que pola súa idade ou estado de saúde, non se poidan valer por si mesmos para acudir a consulta.	<p>Acompañar a revisións médicas, os tratamentos de quimioterapia e radioterapia, así como as intervencións médicas invasivas(biopsias, colonoscopias, gastroscopias e outras de características similares) incluídas na carteira de servizos do SNS.</p> <p>Tamén poderá ser solicitado para o acompañamento de fillos/as maiores de idade, o cónxuxe ou parella de feito, ben que neste suposto será necesario acreditar que existen limitacións que lles impidan asistir sós.</p> <p>Tamén aplicarase respecto de familiares de 2º grao con enfermidades moi graves -así determinadas mediante informe médicos do SNS- que necesiten control médico e non se poidan valer por si mesmos para acudir a unha consulta/revisión. O dito dereito concederase se o familiar convive co traballador/a, de non existir a dita convivencia e atoparse ao seu cargo, sera necesario acreditar que este familiar non ten familiares de 1º grao, ou, de existiren, que non poidan atendelos.</p>

	TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIÓNS
12	Traslado de domicilio	<p>Na mesma area de saúde : 1 día natural</p> <p>A distinta area de saúde : 2 días naturais.</p> <p><u>Se a unidade familiar está composta por dous ou mais membros, o permiso será :</u></p> <p>Na mesma area de saúde : 2 días naturais. A distinta area de saúde : 4 días naturais.</p> <p>O permiso entenderase referido ao día no que se produza o efectivo traslado de domicilio (e o día ou días seguintes de ser o caso)</p>	<p>Para ter dereito o permiso ampliado ten que existir vinculo de matrimonio ou parella de feito.</p> <p>Os traslados de domicilio ocasionados polos concursos de traslados, ou outros procesos de provisión con prazo posesorio retribuído, non xeran dereito aos días, nos termos regulados no ACS.</p> <p>Este permiso é incompatible coa finalidade dos nomeamentos eventuais, nos termos regulados no Acordo de Concertación Social. Para valorar dita incompatibilidade se terán en conta as circunstancias concretas, atendendo principalmente á duración e á causa da vinculación do/a solicitante.</p>	<p>Por residencia habitual entenderase o lugar no que o traballador teña o seu domicilio e como tal conste en cada momento validado no seu expediente persoal/FIDES con carácter previo á solicitude do permiso, debendo achegarse con esta a correspondente documentación acreditativa do cambio efectivo de domicilio.</p> <p>Documentación xustificativa: Documento acreditativo do cambio efectivo de domicilio. (Padrón municipal, con carácter xeral, ou no seu defecto outro documento que acredite suficientemente o cambio da vivenda habitual do/a solicitante)</p>
13	Por matrimonio ou parella de feito	15 días naturais ininterrompidos	<p>Este permiso é incompatible coa finalidade dos nomeamentos eventuais, nos termos regulados no Acordo de Concertación Social. Para valorar dita incompatibilidade se terán en conta as circunstancias concretas, atendendo principalmente á duración e á causa da vinculación do/a solicitante.</p>	<p>Poderá abarcar os días inmediatamente anteriores ou posteriores á data do feito causante. Considerarase feito causante en ambos casos, o día do acto de manifestación do consentimento.</p> <p>Os solicitantes xustificarán o feito causante mediante fotocopia compulsada do Libro de Familia ou da inscrición rexistral correspondente (Rexistro de Parellas de Feito de Galicia ou doutra CCAA)</p> <p>A parella de feito que aproveite esta licenza e que con posterioridade contraian matrimonio entre eles, non terán dereito a unha nova licenza por esta causa.</p> <p>Os días de permiso por matrimonio poderanse acumular as vacacións en período ordinario.</p> <p>Solicitude cunha antelación mínima de 15 días anteriores ao día do inicio do permiso.</p>
14	Falta de asistencia xustificada por razón da violencia de xénero	As faltas de asistencia, totais ou parciais da muller traballadora vítima de violencia de xénero, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde segundo proceda	A muller traballadora	Para acreditar a existencia da situación de violencia de xénero deberá presentarse a orde de protección a favor da vítima, e excepcionalmente o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero.

TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIONES
<p>15</p> <p>Para concorrer a exame finais, e probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público</p>	<p>- Estudos de profesións sanitarias ou profesións directamente vinculadas co posto de traballo ou categoría, ou que favorezan a promoción interna. Ata 12 días ó ano.</p> <p>- Outros estudos oficiais: para concorrer a exames liberatorios de centros oficiais non recollidos no parágrafo anterior : 6 días ó ano</p> <p>- Probas selectivas no ámbito do emprego público en xeral: o día de celebración.</p> <p>- Concederase o día do exame de residencia para a formación de especialistas.</p> <p>- A lectura da tesis doutoral considerárase como día de exame.</p>	<p>Terá dereito todo o persoal estatutario fixo ou temporal.</p> <p>Está incluído o exame para o FIR, MIR, EIR.</p>	<p>Realización durante a xornada laboral: Se o exame, a proba definitiva de actitude ou a proba selectiva no ámbito do emprego público se realiza na <u>mesma área</u> de destino, este permiso deberá concederse polo tempo necesario para concorrer ao exame ou proba, entendendo por tempo necesario o número de horas da quenda coincidente co horario de realización, tendo tal consideración, a estes efectos, a quenda de noite inmediatamente anterior no caso de que o exame ou proba teña lugar a unha hora coincidente coa quenda de mañá. Sen prexuízo do anterior, garantese en todo caso un mínimo de entre 2 e 4 horas libres previas ao inicio do exame ou proba a realizar dependendo da localidade da proba.</p> <p>Se o exame se realizase en <u>distinta área</u>, o permiso abranguerá o día completo da súa realización. Para estes efectos, o día de celebración abrangue en todo caso a quenda de noite da xornada inmediatamente anterior, así como a quenda de noite inmediatamente seguinte no suposto de que a proba teña lugar a unha hora coincidente coa quenda de tarde do/a profesional solicitante.</p> <p>Realización fora da xornada laboral: Neste caso non procede a concesión desde permiso, agás o tempo indispensable para facilitar o desprazamento. A estes efectos, garantese en todo caso un mínimo de entre 2 e 4 horas libres previas ao inicio do exame ou proba a realizar dependendo da localidade da proba.</p> <p>De xeito específico, a dirección do centro facilitará o tempo de desprazamento necesario cando o exame se celebre nunha Comunidade Autónoma distinta á do centro de destino.</p> <p>Enténdese por exames liberatorios aqueles tendentes á obtención en centros oficiais dun título académico ou profesional oficial. A estes efectos, terán a mesma consideración as titulacións das Escolas Oficiais de Idiomas.</p> <p>Non están incluídos os exames ou probas de aptitude doutro carácter, como que se realicen para obter permiso de condución de vehículos ou similares.</p> <p>Tampouco se consideran incluídas neste permiso as probas que se poidan realizar no seo dos cursos de formación dirixidos ao persoal estatutario, ben por incardinarse noutro permiso, ben por teren en caso contrario a consideración de ausencia xustificada polo tempo necesario para a súa realización.</p>
<p>16</p> <p>Asistencia a cursos de formación e seminarios</p>	<p>28 horas ó ano</p>	<p>Terá dereito o persoal estatutario que desempeñe praza de cadro de persoal.</p> <p>A asistencia aos cursos do FEGAS na que resulte admitido persoal eventual serán autorizados agás que por necesidades do servizo no resultara posible.</p>	<p>Requisitos que deben concorrer :</p> <p>1º- Cursos programados pola administración sanitaria ou polas organizacións sindicais cando se celebren ao abeiro do Acordo do Plan de Formación Continua nas Administracións Públicas asinado no ámbito do Ministerio das Administracións Públicas</p> <p>Enténdense tamén incluídos os cursos organizados e impartidos polo Centro como formación continuada, os cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración Estatal, autonómica, universidades e colexios profesionais, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría desempeñada e que coincida coa xornada laboral.</p> <p>2º- Contido directamente relacionado coas funcións do seu posto de traballo ou para a capacitación profesional.</p> <p>3º- Programación do mesmo dentro do horario de traballo. O permiso incluírá o tempo de desprazamento para o cómputo das horas, sempre que coincida co horario de traballo.</p> <p>Este permiso non inclúe a docencia impartida.</p> <p>NOTA.- (excluídos da bolsa de 28 horas) Concederanse os días solicitados por cursos de formación de adopción (pola Ley de Adopción Internacional) que coincidan coa xornada laboral: ESTAN INCLUIDOS EN "Permisos para realizar, asistir e/ou acompañar a exames prenatais /técnicas de preparación ao parto/tratamentos. de fecundación asistida/ asistencia a sesións preparatorias na adopción, acollemento ou garda con fins de adopción"</p>

	TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIÓNS
17	Permisos para a formación militar dos reservistas voluntarios ou dos aspirantes a tal condición	Será a establecida pola normativa específica do Ministerio de Defensa	Reservistas voluntarios ou aspirantes a tal condición	Períodos de formación militar, básica e específica, de formación continuada previstos na lexislación da carreira militar. Este permiso non está incluído na situación administrativa de servizos especiais por activación no Ministerio de Defensa (artigo 167.n da LEPG)
18	Asistencia a congresos	- 21 horas ó ano - No caso de persoal facultativo AE: Instrucións vixentes da Dirección Asistencial. Así, poderanse conceder ata 7 días ao ano. Poderán autorizarse 3 días máis (ata un máximo de 10 días) se o solicitante é ponente ou relator principal do poster ou comunicación.	Terá dereito o persoal estatutario que desempeñe praza de cadro de persoal cando actúen como relatores ou presenten comunicación.	Relacionados directamente coas funcións da súa categoría profesional, cando actúen como relatores ou presenten comunicación. Cando non se dea este caso, a concesión do permiso estará supeditada ás necesidades do servizo. O persoal facultativo deberá presentar xunto coa solicitude copia do programa dos actos e posteriormente unha certificación emitida pola organización da condición de relator ou comunicante. No caso de concorrencia de varias solicitudes para as mesmas datas priorizarase a favor dos solicitantes que actúen como relatores ou presenten comunicacións. Os días solicitados por desprazamento computaranse como días de congreso. A Dirección poderá ampliar este permiso cando estime que a participación do profesional sexa de especial interese para a EOXI de Vigo. A asistencia a congresos deberá planificarse por servizos médicos ao inicio do ano e solicitarse como mínimo con un mes de antelación para poder organizar a programación da actividade asistencial.
19	Permiso sen soldo	Duración non superior aos tres meses por ano natural. Con carácter xeral as solicitudes deberán referirse como mínimo a quincenas naturais ou meses completos. Previa solicitude motivada pode concederse por un tempo inferior.	Persoal estatutario que ocupe praza de cadro de persoal.	En período vacacional só cabe solicitudes referidas como mínimo a quincenas naturais (Do 1 ao 15 ou do 16 ao 30/31) ou mes natural. O seu desfrute suporá a minoración das vacacións e días de libre disposición proporcionalmente ao tempo traballado durante o ano. A súa concesión deberá respectar os porcentaxes de saídas das respectivas Unidades estando sempre supeditada a existencia de substitución. Solicitude cunha antelación mínima de 15 días. Deberá alegarse causa en caso de solicitudes de duración inferior a 15 días.
20	Licenza para supostos de hospitalización prolongada	Ata un mes de duración sen retribución	Todo o persoal	Hospitalización prolongada por enfermidade grave ou enfermidade que implique repouso domiciliario do/a cónxuxe, parella de feito ou de parentes que convivan co traballador/a.

	TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIONES
21	Licenza para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento de acción humanitaria	Duración máxima: 6 meses	Todo o persoal	<p>Participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento en organismos oficiais, organizacións internacionais ou organizacións non gubernamentais de acción humanitaria sempre que conste o interese público, e con informe favorable do centro directivo da Xunta de Galicia en que se encadren as competencias de cooperación ao desenvolvemento.</p> <p>Esta licenza queda subordinada ás necesidades do servizo, debidamente xustificadas, e será autorizada pola Xerencia logo de informe favorable da Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS.</p> <p>Nos casos de que os proxectos ou programas referidos foran promovidos ou cofinanciados pola Administración xeral da CCAA o persoal que obteña a dita licenza seguirá percibindo durante o tempo que dura esta, as retribucións correspondentes ao posto que ocupe, sen que poida recibir ningunha outra retribución por parte da organización que impulsase ou executase o corresponde proxecto ou programa, sen prexuízo de que esta sufrague os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención que deriven deles. Nos demais proxectos ou programas o persoal que obtivese dita licenza deixará de percibir as súas retribucións do posto que ocupa.</p> <p>Durante o período da licenza manterase a reserva de posto e o tempo de duración da licenza computarase como de servizo activo para todos os efectos.</p> <p>Ao finalizar o período de licenza, o seu beneficiario deberá acreditar, mediante certificado ante o órgano que lla otorgou, a súa participación no correspondente proxecto ou programa que a fundamentase, detallando as datas de incorporación e finalización. A non presentación do devandito certificado ou a súa irregularidade darán lugar ao reintegro das retribucións percibidas e ao aboamento ao órgano da Administración das cotizacións sociais devindicadas, sen prexuízo das responsabilidades de calquera orde que lle foxen exixibles.</p> <p>A lei 45/2015 establece que o permiso pola participación do persoal do SERGAS nas emerxencias humanitarias terá unha duración ordinaria de tres meses, podéndose prorrogar, con carácter extraordinario, ata un máximo de 6 meses de duración total.</p>
22	Días de libre disposición	6 días ó ano. Se o tempo de servizos prestados fose inferior ao ano natural, desfrutaranse, de ser o caso, un número de días proporcionais aos tempo traballado, arredondándose á alza (+0,5) a favor do persoal solicitante.	Todo o persoal	<p>A aproveitar dentro do ano e antes do 31 de xaneiro do ano seguinte como regra xeral.</p> <p>Non acumulable as vacacións no período ordinario. Pódense unir as vacacións no período non ordinario e a permisos por matrimonio, nacemento de fillo ou adopción.</p> <p>Cando o persoal que realice a súa xornada de acordo á quenda rotatoria complexa, solicite permisos en datas onde teña sinaladas noites ou teña unha xornada superior a 7 horas, os permisos aproveitados non poderán exceder o cómputo de 42 horas ao ano. O módulo mínimo será de 7 horas, permitíndose aproveitar un só permiso menor, cando sexa necesario completar as 42 horas.</p> <p>Sen prexuízo dos efectos sobre cómputo e compensación das horas de xornada reglada a realizar, o persoal de PAC poderá manter o disfrute dos permisos por quendas completas.</p> <p>Deberán solicitarse cunha antelación mínima de 15 días e un máximo de 30 días.</p>
23	Días libre disposición ADICIONAIS	Dous días adicionais ao cumprir o sexto trienio, incrementados nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.	Todos os traballadores	<p>O dereito nace a partir do día seguinte ao cumprimento do trienio. Sen prexuízo das instrucións que anualmente dite a Xerencia nas que poda contemplar outras datas.</p> <p>Poden gozarse ata o 31 de xaneiro do ano seguinte como regra xeral.</p>

	TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIÓNS
24	Vacacións	Ata 15 anos de servizos – 22 días hábiles de vacacións 15 anos de servizo - 23 días hábiles de vacacións 20 anos de servizo – 24 días hábiles de vacacións 25 anos de servizo – 25 días hábiles de vacacións 30 anos de servizo ou máis – 26 días hábiles de vacacións	Todos os traballadores	Regulación recollida na Circular da Xerencia de Xestión Integrada de Vigo sobre procedemento para o aproveitamento de vacacións na EOXI Vigo 2017 . Cando as situacións de permiso de maternidade, paternidade, incapacidade temporal, risco durante a lactación ou risco durante o embarazo impidan iniciar o goce das vacacións dentro do ano natural ao que correspondan, ou unha vez iniciado o período vacacional sobreviñese unha das devanditas situacións, o período vacacional poderase gozar aínda que rematase o ano natural ao que correspondan e sempre que non transcorresen máis de dezoito meses a partir do final do ano no que se orixinaron.
25	Redución de xornada por coidado de fillo menor afectado por cancro ou outra enfermidade grave	Redución da xornada de traballo de ao menos a metade da duración de aquela ata o cumprimento dos 18 anos.	O persoal estatutario sempre que ambos proxenitores traballen.	<u>Feito causante</u> : Cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave (nos termos do R.D. 1148/2011) do suxeito causante que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente. A necesidade de coidado do/a menor debe acreditarse mediante informe do Servizo Público de Saúde ou órgano administrativo sanitario da Comunidade Autónoma ou, de ser o caso, dunha entidade sanitaria concertada. O beneficiario/a do permiso percibirá as retribucións íntegras , sempre e cando o outro proxenitor, adoptante ou acolledor non cobre as súas retribucións íntegras en virtude da mesma redución ou como beneficiario da prestación establecida para este fin na normativa da Seguridade Social. En caso contrario, só se terá dereito á redución de xornada, coa conseguinte redución de retribucións.
26	Redución de xornada por adaptación progresiva da xornada laboral por mor de tratamentos oncolóxicos	Un mes dende a alta médica, prorrogable por un mes máis	Persoal que se reincorpore ao seu posto logo da finalización dun tratamento de radioterapia ou quimioterapia	Esta adaptación poderá afectar ata un 25% da duración da xornada diaria, considerándose como tempo de traballo efectivo. Documentación: Acreditación da existencia desta situación e/ou outros informes da unidade de prevención de Riscos Laborais, ou de calquera outro órgano que considere oportuno, en relación co tratamento recibido ou as actividades de rehabilitación que lle foron prescritas. O prazo dun mes pode ampliarse nun mes máis, cando o/a profesional xustifique a persistencia no seu estado de saúde das circunstancias derivadas do tratamento de radioterapia ou quimioterapia.
27	Redución xornada por coidado familiar 1º grao	Entre unha hora e a metade da xornada, durante un mes, prorrogable en circunstancias excepcionais e atendendo a extrema gravidade da enfermidade ata unha duración máxima de dous meses.	O traballador, para atender o coidado dun familiar de primeiro grao, por razón de enfermidade moi grave	Deberá acreditarse o carácter grave da enfermidade e o parentesco. De haber máis dun titular do dereito o tempo de redución poderase ratear de forma sucesiva entre eles.
28	Redución por causa de violencia de xénero	Non está determinada a porcentaxe de redución nin a súa duración (pendente de desenvolvemento)	As traballadoras vítimas de violencia sobre a muller	A regra xeral para acreditar a existencia da situación de violencia de xénero, será a presentación da orde de protección a favor da vítima, e excepcionalmente o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima
29	Redución por fillo prematuro/hospitalizado ao nacer	Redución de 2 horas diarias como máximo	A traballadora ou o traballador de xeito excluínte, (se os dous traballan deberán decidir quen aproveita a redución) polo nacemento dun fillo prematuro.	A redución de xornada suporá a diminución proporcional do salario. Esta redución é compatible coa ausencia ao traballo durante un máximo de dúas horas percibindo as retribucións íntegras cando por nacemento de fillos prematuros ou fillos que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados.

	TIPO PERMISO	DURACIÓN	TITULARES	REQUISITOS/OBSERVACIÓNS
30	Redución xornada por garda legal	En tanto non teña lugar o desenvolvemento da Lei 2/2015 tomarase como referencia a anterior redución nun 1/3 ou nun 1/2	<p>Quen por razóns de garda legal teña o seu coidado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Menor de 12 anos sobre o que o/a titular ten garda legal e coidado directo. - Persoa maior que requira especial dedicación. - Persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída. - Cónxuxe, parella de feito ou familiar ata segundo grao que non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída. 	<p>A redución de xornada suporá a diminución proporcional do salario.</p> <p>Deberá acreditarse documentalmente a causa alegada.</p> <p>A reincorporación debe coincidir coa incorporación efectiva ao traballo do solicitante.</p> <p>O/a profesional deberá comunicala ao órgano de xestión competente, coa necesaria antelación e concretar na solicitude a exacta franxa horaria sobre a que pretende a dita redución, que será valorada por aquel, co fin de tratar de conciliar a concesión desta redución coas necesidades do servizo e poder realizar os debidos axustes organizativo-asistenciais; máxime, nos supostos nos que resulte procedente a cobertura do tramo da redución por outros profesionais.</p>
31	Redución de xornada voluntaria	Mínimo dunha hora e como máximo de dúas horas e trinta minutos diarios.	Todos os traballadores	<p>Para a súa concesión deberá terse en conta sempre as necesidades do servizo e terá unha duración mínima de tres meses e máxima dun ano, renovable, por petición do/a interesado/a formulada cunha antelación mínima dun mes á data de finalización.</p> <p>A redución de xornada suporá a diminución proporcional do salario.</p> <p>Por necesidades asistenciais ou organizativas, a Dirección poderá, de oficio, acordar a revogación ou suspensión da redución de xornada concedida, garantindo o dereito do/a profesional a formular alegacións no prazo de dez días desde a comunicación da correspondente proposta de revogación ou suspensión.</p> <p>A concesión da redución de xornada por interese particular quedará automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto.</p>

Xustificación permisos:

- O grao de parentesco ou relación familiar acreditarase co libro ou libros de familia, ou documento que o substitúa, certificación do Rexistro Civil, ou ben coa inscrición en calquera rexistro público que acredite o feito causante.
- No permiso por exame ou proba de aptitude deberá achegarse documentación que acredite a asistencia á proba de aptitude, o exame final ou a proba de acceso ou ingreso na función pública; na cal deberá constar o lugar, a data e a hora do exame, así como o centro de realización das devanditas probas ou a Administración pública convocante.
- No permiso por enfermidade grave o feito causante xustificarse co informe do servizo de admisión hospitalaria, ou dos documentos ou informes médicos que recollan as datas e duración do proceso hospitalario ou da intervención cirúrxica sen hospitalización, xunto co repouso domiciliario, xuntamente cos documentos ou informes que acrediten a necesidade de atención persoal, así como a documentación acreditativa do grao de parentesco.
- Nos supostos de accidente ou enfermidade grave, a situación de convivencia, de ser o caso, debe ser acreditada mediante certificado de empadramento ou outro documento expedido polo concello de residencia e, no caso de que este sexa o correspondente ao enderezo do traballador/a, deberá figurar previamente validado no expediente persoal electrónico-FIDES
- No suposto de intervención cirúrxica sen hospitalización que requira repouso domiciliario, debera acreditarse suficientemente a necesidade deste a través dun informe médico ou calquera outro medio admisible no dereito, podendo requirirse declaración xurada do peticionario/a de que o fin do permiso esta vinculado ao coidado do suxeito causante
- Os feitos causantes acreditaranse cos documentos oficiais ou informes debidamente emitidos, nos que conste suficientemente probados os mesmos.
- No suposto de que logo de aproveitado o permiso, non se tivese achegado documentación acreditativa , ou esta fose defectuosa ou insuficiente, procederá a notificación por escrito e con xustificante de recepción de tal extremo, interesando a subsanación e a apertura dun prazo de alegacións. Transcorrido o prazo e subsistindo a deficiencia de acreditación – con independencia, no seu caso, das oportunas actuacións disciplinarias- procederase á correspondente dedución de haberes.